


a muller



**diante
as
elecciones**



**movemen-
to demo-
crático
de
mulleres**



a muller

**diante
as
eleccions**

o porqué do m.d.m.

A razón da existencia dun movemento de masas feminino, básase no feito simple de que hai unha problemática específica, coma ocorre cos movementos obreiros, profesionais, estudiantes, etc.

A situación de discriminación faino necesario pra que se plantexe a súa problemática e teña como oxetivo fundamental a liberación da muller.

E un feito que a liberación da muller soio poderá realizarse, dunha maneira real, dempóis dun cambio político profundo, que garantice toda clase de libertades e suprima da lexislación todo vestixio de discriminación por razón do sexo. Por iso, a toma de conciencia que a nivel universal se ven desenrolando, ten sido un dos aspectos novos que, con característica propia, van orientando a outro tipo de sociedade, xa que o movemento de liberación da muller ten que ser un aliado da clase obreira e de tantas forzas camiñen deica a democracia. Ten que intensificá-lo seu traballo en converxencia con toda a loita ideolóxica, política e social, prá transformación das estruturas de dominio i explotación que rixen a sociedade actual.

Varios feitos foron os que contribuíron á creación do M.D.M.:

- 1) A maior participación da muller na vida laboral.
- 2) O maior nivel cultural conquistado pola muller.
- 3) A revolución sexual que está a viví-lo mundo.

En definitiva, a loita pola liberación afecta a tódalas mulleres, calqueira que sexa o sector social ó que pertencen, as que sofren unha dependencia e inferioridade social.

Diste xeito, e recollendo as experiencias históricas, dempóis de analizá-la participación da muller en tódalas loitas ó longo dos séculos e mirar como aínda dempóis de ter participado en fondas transformacións non se ten modificado, na súa totalidade, esta situación de discriminación, é cando o M.D.M. xurde coma unha necesidade de unificar tódalas posturas.

O M.D.M. quer ser instrumento de mobilización e orientación da muller galega en xeral, pra estudar e recollé-los problemas específicos e xerales que ela ten i encauzándoos levar a cabo a loita percisa que conduza á inteira integración da muller en tódalas tarefas sociais.

O M.D.M. considera que a liberación da muller ten de ser obra fundamentalmente das propias mulleres ó traveso da loita reivindicativa no plano económico, social e político, xunto á continua discusión i esclarecemento das causas da nosa discriminación, pra ir axustando o movemento reivindicativo cara unha auténtica liberación da muller, e facendo pola outra banda, que a cuestión feminina sexa asumida por toda a sociedade como tarefa propia.

Coidamos que un movemento de masas feminino non debe pechase somentes nos aspectos reivindicativos ou nos específicamente femininos senón que ten que saber conxuntar tódolos aspectos que á muller, como ser social e político, lle aqueixan. Por iso temos de impulsar un movemento que asuma a loita xunguido ós demáis sectores, e que teña por ouxetivo a incorporación ás tarefas sociais e políticas da gran maioría de mulleres. Un movemento que saiba conectar en cada intre coas masas femininas pra poder integrarnos ás tarefas colectivas. Coidamos que ó participar estamos a crear unha conciencia social que nos arrampla do asoballante enclero caseiro e da ignorancia.

Pra rematar, o M.D.M. quer ser un movemento que sepa recollé-la inmensa forza social e política que representan as mulleres e que as leve a seren protagonistas da súa propia liberación.

a muller en galicia



no campo e no mar

Si partimos do feito ouxetivo de que Galicia é un país cunha poboación, na súa meirande parte, campesina e mariñeira, faise de todo punto inviable unha análise da situación da muller en Galicia se esquencemos esta realidade. Máis tampouco basta só isto, e compre ter moi presente a dramática realidade do noso país; ese mal endémico da nosa terra que se chama Emigración e que vimos arrastrando dende séculos: "Unha emigración que convertíu á muller no "home" da casa pro que en absoluto quer dicir que disfröite dos mesmos dereitos que o home".

En Galicia, país no que pervive unha economía de subsistencia, a familia actúa coma un equipo productivo no que a muller intervén activa e totalmente facéndose cargo, ó igual que o home, de tódalas labores do agro; mailo seu traballo non remata con esto senón que cando chega á súa casa, non pode esquencerse das tarefas domésticas que hoxe se lle asignan á muller, así coma do cuidado do marido e dos fillos, mentras que o home vai tomar "un viño" ó remate da xornada. E dicir: a muller ten o mesmo dereito ó traballo pro non ó descanso.


Por outra banda, esta necesidade de facé-los mesmos traballos que o home, aínda que teóricamente tería que contribuir á causa da liberación da muller non posibilita isto, en ningún intre, xa que o feito non se deriva de conquistas progresivas senón do atraso económico no que se atopa Galicia, o que da orixe a que a permisividade existente en cuestións de moral sexual sexa froito máis dese atraso, e da pouca introducción da moral burguesa no ambiente rural, que dunha liberación da muller, así coma o feito de que as súas opinións sexan tidas en conta dase sobor de todo cando o home está na emigración e ela ten que asumí-las responsabilidades.

A relativa igualdade, polo tanto, de ambos sexos no traballo agrícola, non significa nembargantes igualdade no prestixio social xa que o traballo do home gozou sempre de maiores consideracións sociais que o traballo da muller.

Unha pregunta que, a miudo, se ven formulando nos derradeiros tempos é a existencia ou non dun matriarcado en Galicia; noustante, adimití-la súa existencia sería un erro de concepto bastante grave xa que o matriarcado non é un feito cultural, coma moitas veces se enfoca, senón un sistema de organización da sociedade cunhas características económico-políticas específicas fortemente respaldado por un "dereito matriarcal" e unha filiación que ven por liña da nai, non é este evidentemente o caso de Galicia onde a familia patriarcal está ben consolidada.

Non se pode negar, por suposto, que no agro galego existe un gran respecto á muller pro que en ningún intre ven dado, como xa dixemos antes, por unha conquista progresista de liberación senón porque a actividade económica da muller en sociedades subdesenroladas economicamente, ou nas clases sociais máis probes, fixo delas un tipo femenino forte, sufrido, paciente e, a miudo, con carácter dominante que a diferencia dos tipos femeninos das clases medias e altas. (O valor matrimonial dunha muller, nestes sectores, reside máis na súa eficacia económica que na súa beleza física).

Mais estas prerrogativas de que goza a muller galega a nivel social non soio non son suficientes senón que non se ven correspondidas, de ningún xeito, a nivel xurídico-legal, co que ademáis da tremenda discriminación que isto supón da



orixe nas máis das veces a serios trastornos prá familia ó non poder levar adiante decisións tomadas por precisar dun "poder" do marido que xeralmente atópase moi lonxe de Galicia.

O problema da discriminación da muller é máis grave aínda naqueles sectores onde o traballo da muller ten especial importancia como é o caso das mariscadoras. O marisqueo de praia é un traballo diríamos que específico da muller galega, polo que as trabas con que a muller se atopa na sociedade actual recaen non sómentes sobor dela senón sobor dun dos sectores productivos máis importantes de Galicia.

A discriminación da muller galega, atendendo ó papel productivo que está a desenrolar non significa sómentes unha discriminación desta senón que implica tamén unha discriminación de Galicia, dunha Galicia que leva nome de muller.

na familia

E un feito que non ten discusión o que, dende fai séculos, o home e a muller -macho e femia- os dous nascidos igualmente coa condición de persoas, de seres humanos, tiveron distintas funcións, deberes e dereitos á hora de formar unha familia e de se converter en parexa.

Por unha banda, o papel desempeñado polo home, ser superior, dotado dunha meirande intelixencia, elaborador das leises, executor das mesmas e dono e señor da súa familia e dos seus destiños. E pola outra o da muller, considerada mental e físicamente inferior, e coa única función de proporcionar herdeiros ó seu home, coidar do fogar, servirle e obedecerlle.

Basandonos no feito de que, cando un home e unha muller deciden contraer matrimonio e formar unha familia fanno libre e voluntariamente -excepción feita daqueles matrimonios impostos nos que a muller é obrigada- e de que o matrimonio non é senón un contrato polas dúas partes, cabería supoñer, logo, que ambos os dous haberían de ter as mesmas obrigacións e dereitos con respecto a sí mesmos e á familia que os dous creasen; nembargantes, vemos que na realidade non é

así, posto que nos atopamos dende o primeiro intre coa incongruencia de que a muller deixa de ser "fulanita de tal" pra se converter na "sra. de ..." E decir, a muller empeza o seu matrimonio perdendo parte da súa entidade social e persoal, de ser alguén por si mesma, pra pasar a sere de outro, pra pasar a sere do seu home.

Cando nace un fillo é o marido o que ten o poder de reco-nocelo, de darlle o seu apelido e, por decilo dalgún xeito, de converter ese neno nunha persoa "normal" nunha sociedade na que, si de outra maneira fose cargaríanno co sambenito de "ilexítimo" ou "natural" e que levaría durante toda a vida sin que o apelido ou recoñecemento da nai -que é en definitiva quen pasou o traballo de xestalo e parilo e quen ten que cangar sobor das súas costas a obriga de coidalo, de ocuparse del e da súa educación- lle sirva de nada.

E non é que isto en si mesmo sexa bon ou malo senón que é inadmisibile o carácter de posesión que se lle da nun orde de cousas que somentes considera ó home capaz de lle dar "lexitimidá" á outro ser e de exercer sobor del o dereito da patria potestade que, en boa ética, debería ser exercido polo pai e a nai en igualdade de condicións.

Maila discriminación de que é ouxeto a muller non soio se manifesta neste aspecto senón que ten unha das súas meirandes consecuencias na existencia e recoñecemento dunha dobre moral pró home e prá muller, facendo que existan delitos tales coma o de adulterio que, si ben é un mesmo feito nos dous -relación extraparexa- no home apenas si se considera unha falla e tómase máis ben coma unha "machada" que soio suscita sorrisos cómplices, mentras que na muller é considerado un delito grave castigado pola lei.

Queremos facer patente a nosa repulsa ante semellante concepción ética e moral, repulsa á que se deben sumar tódalas mulleres consentes de que ista situación crea casos de inxusticia tales como o de mulleres acusadas de adulterio polos seus maridos, incluso dempóis de levar varios anos de separación matrimonial, e condeadas por elo.

Non é a nosa intención desexar que se equipare o delito en canto ó seu castigo senón que, pola contra, deixe de pena-

fizarse a infidelidade feminina e que a situación se resolva entre a propia parexa que será a que decida o camiño a tomar ante o feito consumado.

Coidamos que a fidelidade ou infidelidade na parexa é un problema que lle afecta soio a ela e que debe resolver, polo tanto, sin que ningunha lei ou estado se faga con dereito a intervir, e moito menos, castigando severamente á muller por un delito no que, pola outra banda, o home resulta practicamente inmune.

A planificación familiar debe tomar, nun estado democrático, un carácter de urxencia tanto nas súas facetes de legalización de anticonceptivos e despenalización do aborto -cunha completa orientación sobor dos primeiros, i educación sexual a tódolos niveles dende a escola- coma naquelas outras nas que se fai necesaria a axuda e asistencia médica competente pra muller embarazada que, tanto solteira coma casada, ten o innegable dereito á maternidade e a traer un fillo ó mundo nas mellores condicións sanitarias e cívicas. Logo deberá atopar axuda pra que poida criar i educar ó seu fillo dunha maneira digna.

“Nai, ¿qué é o casar?” “Casar, filla, é coser, parir e chorar” Iste antergo refrán danos un reflexo xusto do que ten sido deica agora o matrimonio: laborar no fogar. E decir: mirar pola economía, facé-los traballos da casa, parir fillos e crialos e, no rural, atendé-los animais e traballá-la terra. E mentras tanto aguantar, cecáis, as veleidades do marido, chorar e calar... En fin, botar sobor das nosas costas toda a carga de servidume que o feito de quedar na casa, facendo un traballo que non é productivo, supón.

Agora ben, hoxe, moitas mulleres imos tomando conciencia da nosa condición de persoas e loitamos pra liberármonos de tan penosa situación. E certo que conseguimos melloras nalgúns aspectos pro tamén é certo que aínda quedan moitas mulleres da cidade e do campo prás que a situación non ten variado, e que siguen malvivindo en casoupas, indo a lavar ó río, cargadas de fillos mal alimentados e chorando resañadas a súa mala sorte sin pensar, tan siquera, que pode estar nas súas mans o tentar cambiala.

Unha das tarefas máis importantes e que tódalas mulleres temos que asumir sen disculpa de ningunha clase é a que se refire á legalización dos anticonceptivos, ter unha completa información a iste respecto i esixir que sexan suministrados pola seguridade social, baixo control médico con toda clase de garantías hixiénicas e sanitarias.

Tamén a despenalización do aborto que, nas condicións anteriormente expostas xa non se faría necesario, salvo en casos extremos.

O completo descoñecemento da personalidade feminina e da súa sexualidade existente deica agora levóu a que a sociedade considere á muller como un ouxeto útil, somentes, pró placer do home sin ter en conta os seus propios deseos nin a súa propia satisfacción; e sin considerá-lo grado de frustración e o seu medo, facéndolle pasar unha boa parte da súa vida botando contas no calendario, arrepíada ante a posibilidade dun novo embarazo que por nada deste mundo desea, xa que ven a incrementá-los problemas que, de cotío, lle choven.

Ter un fillo ha de ser un feito conscente e desexado pola propia parexa i, esta, ten o dereito a elexí-lo número de fillos que queira ter e non estar á mercede do azar ou da boa sorte. Máis isto soio se conseguirá si os organismos sanitarios e, por suposto o estado, se fan cargo da planificación familiar aconsellando e axudando a aplicala dun xeito eficiente.

Moitas mulleres en España usan métodos anticonceptivos e a maioría sin control médico de ningunha clase, sin saber si poden ou non usalos, e cal é o que mellor lles vai.

O mantemento desta situación perxudica maiormente ás clases traballadoras e, sobor de todo, ás campesinas xa que entre elas a iñorancia sobor do tema é maior; onde persoas "ben intencionadas" teñen predicado de cote en contra dos perigos de "contraví-la natureza" -cunha hipocresía e unha falsedade ética e humana dignas de encomio-. Nestes sectores é onde nacen máis nenos que soio vñen á agravar situacións de penuria plantexadas por outras tantas causas coma son as de escasez económica, o desemprego, a falla de seguridade social, a falla de vivendas adecuadas, escolas, guarderías, etc. e outros moitos problemas que fan que a muller se vexa cada



vez máis atada, loitando cos precios sempre en alza dos mercados, coa casa, cos fillos, coa xornada laboral aquelas que traballan fora do fogar e que, deste xeito, están suxetas a unha dobre esclavitude.

Ista situación foi creada e coidadosamente conservada ó traveso do tempo, e deica a actualidade, polos intereses sociais, económicos e políticos dunhas clases capitalistas ás que este estado de cousas combén, pois mentras a muller esté ben atada ó home, coma un ser protexido, mentras os fogares estén cheos de fillos ós que hai que manter, a produción e a industria conservan, e aínda aumentan, o seu sino de explotación do home e, nistas circunstancias, a familia supón un freno eficaz pra toda clase de reivindicacións que o home tente facer.

Agora ben, a muller non debe desertar do feito natural de ser nai, o que debe buscar é que este feito non se contradiga co noble desexo de ser unha persoa que chegue á alcanzar unha certa plenitude humana como lle corresponde a todo ser social. Porque a maternidade non se debe enfocar coma un problema individual, nin tan siquiera da parexa, senón que ten que pasar a ser un problema que ataña a tódala sociedade e, como tal, ten que ser asumido.

no ensino

Tódalas persoas, calqueira que sexa o noso sexo ou o noso estado social, temos dereito a unha educación íntegra, democrática e de calidade.

A pesares disto sabemos que a realidade é ben distinta e que o sistema educativo vixente, aparte de discriminar por razón de medios económicos a moitos cidadáns, ofrece en xeral un ensino de escasa calidade técnica e dunha tendenciosa conformación ou domesticación do cidadáns xa dende neno, ó traveso do cal pouco o nada se desenrola a súa propia persoalidade i en cambio fánsele ir asumindo os papeles sociais que se espera deles.

E isto, ademáis do que respecta ó propio período escolar, continúa-se dun xeito sistemático ó traveso dos medios de comunicación de masas que ó non estar controlados por organismos auténticamente democráticos, orientan a formación e información do cidadán en función dos intereses dos que dominan tales medios.

Ista realidade, total pra homes e mulleres, concréta-se no caso da muller en sé-lo máis importante axente da nosa discriminación tanto si nos situamos como receptores desa educación, como ensinantes ou como cidadán afectado polo problema do ensino.

As primeiras letras que lee ou escribe unha rapaza pequena din cousas deste xeito: "mamá cocina en casa", "mi mamá me mima", "mi papá trabaja"... As ilustracións gráficas nos libros dos pequenos completan esta imaxe de tal xeito que eles máis elas, á forza de leer, escribir e mirar cales son as cousas que ten que facé-lo pai e cales as que ten que facé-la nai, cales as que fai o neno e cales as nena, van tentando de aprender e imitar cada ún ó que "lle corresponde".

A división dos xogos e o seguinte paso separador e discriminador dos sexos: a nena que xoga ó fútbol e "un macholo" e o neno que queira xogar coas monecas e un "mariquita" ou un "nena" que é dende logo o peor insulto que se lle pode facer a un rapaz.

Tamén merecerá o insulto de "nena" o rapaz que sexa sensible física ou sicamente e ó mesmo tempo, a rapaza que non o sexa de por sí, ou dempóis de ter "aprendido" unha e mil veces que debe selo, diráselle directamente que ten que suavizá-los seus modales.

Esto é así non soio nos colexios tradicionais masculinos ou femininos senón tamén nos que se chaman centros mixtos ou nos que hoxe a coeducación límitase a entrar pola mesma porta pero non pasa de ahí e que, a parte dos contidos oficiais dos libros, xa de por sí discriminatorios e conformadores, os xogos, as actividades extraacadémicas, etc. siguen orientándose separadamente provocando incluso en moitos casos un enfrentamento neno-nena que aínda os separa máis.

Pasado o período de E.X.B., por riba da determinante discriminación social según os medios económicos, móntase a discriminación sexual.

A rapaza que opta ou ten que optar pola formación profesional ve como na maioría das especialidades, si ben non lle está legalmente prohibido matricularse, non está prevista a súa presenza e nesa dirección a ninguén se lle ocorre promover a formación mecánica con estampas de rapazas mentras que si estamos fartos de escoitar falar da profesión de secretaria, costureira, e algunha máis acabada en "a".

Todas estas profesións típicamente femeninas e auxiliares do home son, por riba, en xeral as de menos valor económico salarial. Hai que destacar, ademais, como pra moitas das profesións "de mulleres" xa nin siquiera se plantea a necesidade de escolas especiais de formación e pódese señalar a modo de exemplo: a profesión do textil, da conserva, etc.

No caso da Universidade e outros tipos de estudos superiores, a situación é ben parecida.

Son moi poucas as mulleres que acceden a este tipo de estudos, xa que a lóxica é a seguinte: cando a rapaza chega ós 15 anos ten xa, polo xeneral, asumido dabondo o "seu papel" na sociedade e tanto ela coma a súa familia consideran que non vale a pena o esforzo económico e físico de facer unha carreira e que máis lle vale prepararse ben na procura dun marido e dexá-lo sacrificio económico pra que algún irmán, si se pode, se faga médico ou inxenheiro.

De tódolos xeitos as que "queren" e "poden" van á universidade pero precisamente polo ben aprendida que levan a lección escollen preferentemente as carreiras "femeninas": enfermeira, maestra, filósofí, etc.

O analizar que é o que teñen estas carreiras pra seren "femeninas" vemos que ou son de tipo auxiliar do home coma é o caso enfermeira-médico ou carreiras consideradas, cando menos polos profanos, de "adorno" (historia, filosofía, etc.). Considérase que completan a imaxe da muller dándolle un "saber estar á altura do marido", "quedar ben" nunha reunión culta, etc.

E chegamos á carreira feminina por excelencia "Maestra de Nenos", e sobor de todo de nenos pequenos, un dos poucos traballos onde a muller ten incluso preferencia sobor do home por considerar que o ensino nestas edades é continuación da maternidade e valóranse condicións coma: dulzura, intuición e tenrura, todas elas tan "femeninas" en vez dá valoración de coñecimentos específicos que deba ter un parvulista. Isto vai en perxuício da maestra que rara vez pode escoller aquel tipo de ensino que máis lle interese e pró que máis capacitada estea e tamen, por suposto, en perxuício de nenos e nenas que o que realmente precisan son auténticos profesionais parvulistas sexan homes ou mulleres.

Cando a muller abandona os estudos académicos e por si acaso lle queda aínda algún resquicio de inconformidade co seu papel "femenino" na sociedade, os medios de comunicación de masas: T.V., radio, revistas e periódicos, etc. encárganse de non abandoná-la súa tarefa de "formación permanente" na que se ensalza e matiza deica as últimas consecuencias o papel da muller-naí-ama de casa, da muller adornada e preparada pra gustar ó home, da muller que si traballa fora da casa hai que "venderlle" tódalas facilidades pra que iso non supoña o abandono das funcións anteriores que son as que "lle son propias".

E por último, a muller que queira ou non queira, gustelle ou non, ten que asumí-los papeles de nai e ama de casa como responsabilidade súa en exclusiva, sofre tamén dun xeito directo as consecuencias de tódalas deficiencias do ensino con relación ós seus fillos. A falla de postos escolares, a carestía dos mesmos, a ausencia en xeral de comedores na escola, a falta de transporte escolar axeitado, a falta de guarderías e de centros especiais de educación prós nenos con deficiencias ou dificultades físicas ou mentales repercuten, non somentes nos propios nenos senón tamén, sobor da muller que non pode dar solución ó ensino e cuidado dos seus fillos, e que por tanto difícilmente podese incorporar ás actividades productivas e sociais.

Por todo o devandito, podemos afirmar que a muller, a máis de toda a sociedade, está moi interesada na transformación do ensino e ten que asumir coma cousa propia a totalidade das reivindicacións que hoxe se plantean no ensino e que podemos resumir en:

- 1) Escolarización total e gratuíta hasta os 16 anos.
- 2) Coeducación a tódolos niveles.
- 3) Revisión profunda dos libros de texto e métodos pedagóxicos.
- 4) Supresión de tódalas diferencias que a nivel profesional afecten á muller ensinante.
- 5) Promoción auténtica da muller a tódolos niveles e ramas do ensino.
- 6) Información sexual, xa dende a escola, a cargo de profesorado competente.
- 7) Control dos contidos informativos, culturais e publicitarios dos medios de comunicación.

UNIVERSIDADE

¡PAGUE!
¡PAGUE!
¡QUE TEMOS QUE
DESCONTARLLE O
QUE NON PAGARON
NO E.G.B.!



¡TANTO MONTA,
MONTA TANTO,
ISABEL COMO
FERNANDO!



evasión



PEPE '77

nas leis

1) O Dereito dun país é o conxunto de ‘reglas de xogo’ impostas a toda a sociedade polas clases dominantes que controlan o poder.

Entre esas leis hainas que son aceptadas por todos e non plantean problemas por exemplo, que haxa fortes penas pros asesinos, pros violadores, pros estafadores... Outras teñen o seu orixe na defensa de ideoloxías políticas e intereses económicos moi concretos, como a lei de Orden Público, control da prensa, prohibición de folgas, etc. e, polo tanto, a súa modificación constituíe un oxetivo prós grupos de oposición á clase dominante no poder. Os adiantos modificacións dependerá, en cada intre, da correlación de forzas, pero en calqueira caso as ideas e oxetivos están claros: cada bloque sabe o que defende e porque o defende.

Nas cuestións legais que á muller se refiren, as cousas non están tan claras aínda. Os bloques enfrentados non son dereitas contra esquerdas, nin tampouco homes contra mulleres. As tablas reivindicativas dos grupos progresistas de mulleres, tímidamente apoiadas ou asumidas sin ningún entusiasmo polos grupos da oposición, son en moitos casos contradicto-

rias e caprichosas. Bótase en falta unha tarefa previa de concienciación, de saber que é xustamente o que queremos, porqué o queremos e que precio estamos dispostas a pagar pra levalo adiante.

A lexislación é discriminatoria e marxínanos sistemáticamente da vida económica-social, máis tamén é proteccionista. Querer a igualdade non e somentes pedir milloras, senón tamén renunciar ós privilexios. Querer a igualdade non é revelarmonos contra da función específica do noso sexo, -a maternidade- senón asumila con naturalidade e plena responsabilidade, sin protagonismos históricos. Querer a igualdade é en definitiva:


a) "Saber" ser iguales, "sentirmonos" iguales dende o noso foro interno, sin complexos, medos nin vacilacións.

b) "Poder" ser iguales, ou sexa conquistar que tanto na teoría coma na práctica se nos recoñeza como iguales.

2) Na Lexislación Civil avanzóuse moito coas recentes reformas. Recoñécese a maioría de idade da muller aínda que estea casada e saímos do cativo papel en que nos poñía o Código Civil, situándonos na lista dos incapacitados pra contratar, xuntamente cos menores de 16 anos e mailos tolos...

Quedan algunhas dificultades pro exercicio da "patria postestade" ou a administración dos bens, no caso de ausencia do home, pero aínda isto soluciónase cos apoderamentos notariales ou autorizacións xudiciais. A parexa deixou de ser "marido-xefe e muller-subordinada" pra ser unha sociedade de iguales coas súas propias regras pra desempatá-las situacións contradictorias que poideran darse. Sin dúbida algunha, quedan aínda tódolos resquicios do "machismo" pero o camiño emprendido é xa moi aceptable i espranzador.

3) No campo penal mantense unha forte discriminación sexual que as veces resulta aldraxante prá muller como é a igualdade de trato entre o adulterio, como acto aillado, prá muller, e o amancebamento, como situación prolongada e máis notoria, pró marido. Outras, é proteccionista coma no caso da muller menor de 23 anos que consinte en deitarse cun superior -autoridade, patrono, xefe, etc.- e logo acusanlle de cindo que o fixo por temor ou con promesa de matrimonio.



O noso entender esta protección e privilexio no fondo é aldraxante. ¿Por qué non se lle da o mesmo trato ó home, menor de 23 anos que consinte en prácticas sexuais cun xefe de seu?.

Pro cecáis, neste campo do penal, o máis sangrante e que siga sendo delito a propaganda dos anticonceptivos así coma a súa receta ou venda con istes fins. Preténdese iñorar e condear o que pola nosa propia experiencia e por datos estadísticos sabemos que é unha práctica cotián. A consecuencia é moi grave xa que se nos priva "legalmente" de poder practicar unha procreación planificada e responsable; impídesenos un control médico axeitado pra escollé-lo método anticonceptivo de acordo co noso organismo e lánzase á negrura da clandestinidade o que tería de ser unha información científica en beneficio da saúde física e mental non soio da muller senón tamén do home i en definitiva da comunidade inteira.

Seguindo por ise camiño de prohibicións legais, alleas ás necesidades da sociedade, resulta natural a penalización indiscriminada de calqueira aborto. Nós, cando pretendemos a modificación legal no tratamento diste feito, non queremos que as mulleres aborten senón que no caso de que se dean condicións especiais o aborto sexa considerado como o mal menor, si os pais da criatura o queren, e que poda levarse a cabo coas máximas garantías sanitarias. Compre ter en conta, ademáis, que a legalización e propagación dos métodos anticonceptivos e o establecemento de "centros de planificación familiar" con cargo á Seguridade Social, centros que existen xa nos países "civilizados", evitaría moitos embarazos peligrosos e non deseados polo que faríanse innecesarios moitos dos abortos que hoxe fanse clandestinamente i en condicións nefastas e denigrantes prá muller.

4) Polo que a materia LABORAL se refire, no campo da teoría, adiantouse bastante desque en 1961 foi proclamada a igualdade entre home e muller.

A vixente Lei de Relacións Laborales establece no artigo núm. 10:

uno.- "Los derechos y ..."

dos.- "La mujer cualquiera que sea..."

"A igualdad de trabajo..."

A pesar disto na realidade siguen existindo reglamentacións laborales e convenios colectivos que diferencian entre traballos do home e traballos da muller; operarios e operarias; con prohibicións específicas prá muller de acceder a determinados postos de traballo, basadas máis nun proteccionismo mal entendido que nunha razón fisiolóxica. A consecuencia inevitable é que nesa diferenciación de "nome", non de tarefa, aséntase unha auténtica discriminación salarial.

Neste senso, pensamos que hai que levar adiante unha seria campaña de denuncia: que os Xurados de Empresa non consintan negociacións discriminatorias, que as mulleres conscentes protesten diante a opinión pública e diante as autoridades laborales locais pola aprobación distas normas que violan abertamente o principio de igualdade.

Compre recordar aquí a loita das traballadoras da empresa MAR, en Vigo, pra conseguí-la equiparación salarial cos compañeiros.

Con todo, o máis sorprendente é a lexislación relacionada co cambio de estado civil e a maternidade.

Cando unha traballadora se casa ten dereito a pedirlle ó patrono unha "dote" que ven a ser unha indemnización de mensuralidade por ano de servizo, cun máximo de 6 meses, salvo que no Convenio Colectivo establézase outra cuantía inferior. A "dote", antigamente, era o precio que pagaba o pai da noiva ó futuro home por se vere librado da obrigaición de ter que mantela e vestila. Dempóis, máis finamente, chamouse "aportación" económica da familia da muller ó matrimonio. Hoxe, ó conservar a traballadora iste "privilexio" con-

virte ó patrono en "pai" e recibe un "premio" por renunciar a seguir traballando dempóis de casada. E un "privilexio" do que non disfróita o home pro é tamén un cebo pra apartar á muller da vida laboral e levala ás chamadas "tarefas do seu sexo". Por sorte, institución tan noxenta está en vías de desaparición pois no artigo 21-3 da Lei de Relacións Laborales mantense somentes prós contratos de traballo existentes con anterioridade á aprobación daquela (21-4-76)

Outro privilexio que o home non disfróita é a posibilidade de pedí-la excedencia por razón de matrimonio. Normalmente dícese: ¿pra qué iba queré-lo home a excedencia?, e nos decimos ¿pra qué a necesita a muller?. Acollerse a iste "privilexio" é escollé-la limpeza e arreglo da casa como razón principal da nosa vida, é caer no "ama-de-casismo" que, ó longo, tantas frustracións e insatisfaccións trae á muller.


E logo ven a maternidade: dende o embarazo, o parto e a lactancia, esta nova etapa tan natural na vida da muller está salpicada de privilexios. O embarazo, ó igual que o parto, non son en sí ningunha enfermidade aínda que podan producir, as veces, situacións similares de incapacidade laboral. En tal caso coidamos que terá que merecer un tratamento igual ó de enfermidade, pero soio nesos casos. Iste "privilexio" ten como resultado o convencimento de que a traballadora, e sobor de todo a traballadora casada, é unha fonte contínua de permisos e ausencias e polo tanto unha man de obra cara no proceso productivo a non ser que, como contrapartida, o patrono pódalle pagar salarios máis baixos...

En canto á Seguridade Social, a muller cotiza un porcentaxe do seu salario igual que o home e, a cambio, recibe menos prestacións. Diste xeito, a muller ten dificultade pra apuntá-lo marido na súa cartilla, pra unha asistencia sanitaria no caso de que el se atope sin traballo ou o faga nun sector (coma é o dos traballadores autónomos) que non ten asistencia médica; e, no caso de morte, a Seguridade Social da muller non deixa pensión de viudedade en favor do marido, cousa que, no caso contrario, recibe a muller. Entendemos nós, que esta discriminación non ten xustificación algunha.

5) Por último, é un feito innegable, ó marxen de toda lexislación, que a casa e o cuidado dos nenos é unha tarefa que hoxe recae en exclusiva enriba da muller, roubándolle un tempo precioso que dificulta a súa incorporación ó traballo, ou a sobrecarga inxustamente cunha segunda xornada laboral non retribuída. Pensamos que estes traballos, nin son propios en exclusiva da muller (poden ser compartidos polo home) nin son, somentes, de interés da familia senón de toda a sociedade que polo tanto debe proporcionar servizos colectivos de limpeza, lavandería, comedores, guarderías, etc. axeitados nos horarios e nos prezos á poboación traballadora.

Conquerir isto tería un dobre efecto beneficioso:

- a) Aforro de moito tempo e traballo na casa.
- b) Apartar ás mulleres da carreira do consumismo, creador de novas necesidades valeiras e que provocan rivalidades entre as amas de casa polo "blanco da colada", "o brillo do chan", etc.



a necesidade dunha constitución democrática

Nos últimos tempos, precisamente diante do proceso electoral que se avexia no noso país, abundan en revistas e periódicos opinións de feministas recoñecidas contrarias á participación das mulleres nas urnas. Con todo respecto á opinión dos Colectivos Feministas que manteñen esta postura, pra nós, feministas do Movemento Democrático de Mulleres de Galicia a cuestión é xustamente ó revés.

A loita da muller pola súa liberación non pode en ningún intre desvencellarse do contexto xeral dos adiantos democráticos no noso país. E cando afirmamos isto, con toda responsabilidade, non é por considerar que a muller ademais de loitar como muller pola súa liberación teña que loitar parellamente pola democracia e a súa profundización.

Isto, que tamén podería ser considerado por algunhas mulleres, supón non entender que a liberación da muller vai indisolublemente xunguida á liberación de tódolos sectores populares carentes hoxe de liberdade. Pra nós, non hai sociedade libre si as mulleres seguimos marxinaadas; e as mulleres non deixaremos de estar marxinaadas máis que ó traveso dun proceso democratizador e liberador de toda a sociedade.

A igualdade xurídica da muller, a coeducación a tódolos niveles, o cumprimento real do principio de "a traballo igual, salario igual", a implantación de centros oficiais de planificación familiar, o recoñecemento da maioría de idade ós 18 anos, a proxección de todos estes e outros puntos tendo en conta as peculiaridades culturais e sociais que configuran a realidade galega, somentes serán tidas en conta á hora de elaborar unha nova constitución si a presenza das forzas democráticas (únicas interesadas nestes cambios) na Cámara de Diputados e Senadores é amplamente maioritaria.

Por outra banda, somentes unha constitución democrática establecerá os canles de liberdade que hoxe necesitamos pra poder chegar a tódalas mulleres, que garanticen o exercicio dos dereitos de reunión, expresión e asociación pra posibilitaren o ensanchamento do movemento feminista así coma de tódolos outros movementos sociais e políticos.

Unha nova Constitución Democrática no estado español que garantice o Autogoberno pra Galicia, non traerá de por sí, matematicamente, a liberación da muller nin a liberación de tódolos sectores sociais oprimidos pero é un paso imprescindible no camiño polo que homes e mulleres vimos loitando con graves riscos dende fai corenta anos. Sería absurdo que hoxe, coa posibilidade de rematar, dunha vez por todas, con tódalas estruturas fascistas no país ó alcance da man, a inhibición das mulleres neste importantísimo proceso se trocara no triunfo electoral das forzas negras do pasado.

Porque, non nos enganemos, si as mulleres máis conscentes non nos esforzamos en difundir e garantizá-lo voto democrático, haberá milleiros de votos femeninos que como consecuencia do temor e a ñorancia política en que o pasado nos tivo inmersos trocaráanse en favor dos que sempre mandaron, dos que sempre discriminaron á muller e oprimiron ó pobo.

E si afirmamos que consolidá-la democracia é un paso imprescindible no camiño da nosa liberación é porque coidamos que, efectivamente, a democracia traerá ó noso pobo un novo clima de concordia onde todos e todas poidamos defender públicamente as nosas opinións e os nosos intereses, onde organizar actos de todo tipo pola liberación da muller sexa algo inteiramente posible e natural e non sometido a constantes prohibicións, como ven sendo deica hoxe.

Compre non esquecerse de que a totalidade dos movementos feministas, movementos xuveniles e unha boa parte dos movementos sindicais e partidos políticos aínda non somos legais. O que a legalidade e a liberdade supoñen, pra actuar públicamente, sabémolo moi ben as mulleres que continuamente atopámonos con enormes dificultades de chegar onde outras compañeiras; a necesitamos coma o aire pra respirar si queremos difundir e incidir na totalidade das mulleres pra abordarmos dun xeito masivo a tarefa da nosa liberación.

Compre non esquecerse de que a totalidade dos move-
mentos feministas, movementos xuvenís e unha boa parte
dos movementos sindicais e partidos políticos aínda non co-
mos legais. O que a legalidade e liberdade supoñen para os
tuas publicacións, sábemolo moi ben as mulleres que conti-
nda outras compañías, a necesidade coma a súa. Iso
pitar si queremos diluir e incluír na totalidade das mulleres
est prestando un xesto masivo a tarefa de nosas
liberación.



a muller e as eleccións

" ¡Eu non entendo de política...!" " ¡A política é cousa de homes...!" " ¿E pra que sirve o voto?" " ¿Por qué votar?" " ¡Non cambiará nada...!"

Nada máis falso que isas afirmacións que non son máis que as consecuencias de corenta anos de subestimación da muller, considerada coma un ser inferior destinado a apandar con todo e calar, sin que a súa opinión sexa tida endexamáis en conta.

¡NON! Hoxe, as mulleres temos que, por fin, abrí-la boca e decir con toda autoridade o que pensamos, o que queremos, escomenzando por dar coa nosa actividade unha proba de que non nos sometemos manxeniñamente a opinións alleas, incluso da propia familia, senón que somos seres capaces de pensar pola nosa conta, mostrándonos coma mulleres dignas e responsables.

" ¡Eu non entendo de política...!"
Por moito que queiras pecharlle as portas á política, muller, a política entra tódolos días, e a cada intre, na túa casa,

no teu traballo, na intimidade mesma da túa vida. Cando a carestía da vida fai abanear gravemente o teu presuposto; cando sobor do teu fogar cénese a pantasma arrepiante do paro; cando non podes dar ós teus fillos os estudos que quixeras; cando sofres as calamidades da Sanidade, cando no teu posto de traballo veste discriminada, mal pagada, sin promoción profesional, cando os teus dereitos xurídicos son nulos, cando non eres nin tan xiquera a dona de ter pola túa conta, e consentemente, os fillos que quixeras ter, e non os que che impoñen por falla de liberdade anticonceptiva...

¿Qué é todo iso, senón o resultado dunha política? unha política reaccionaria, contraria ó bopasar do pobo, contraria á dignidade da muller. Isa clase de política que, imposta pola forza e defendida non con argumentos senón coa represión sofrida durante corenta anos de noite franquista.

Pra nosoutras, mulleres galegas, ista política antidemocrática agrávase co esmagamento do sentimento nacional de Galicia, a ultraxada, a pretenda, a saqueada. Ista Galicia que, sendo a meirande productora de enerxía eléctrica é, pola contra, o pobo con maior número de emigrantes como consecuencia da falla de industrialización. E... ¿qué solución é a emigración? Botar da súa patria ós fillos e fillas de Galicia que foron a terras alleas facé-los traballos máis duros, os que non queren os nativos daqueles países ós que emigraron; duramente explotados, discriminados í sempre coma extráñxeiros!, lonxe da terra e da familia, alienados polo descoñecemento do idioma, cangados polos graves problemas afectivos e sexuais... Iso non é unha solución, iso é iun crimen!

E non vale decir "eu non fago política".

Pois por acción ou por pasividade, todo o mundo fai política. Porque si te cruzas de brazos, si non manifestas a túa repulsa ante iste estado de cousas, ití, tamén fas política!, xa que si por inhibición apoias isa política antipopular ou a deixas facer, convírteste en sostén involuntario dela.

Isa política funesta non pode, non debe continuar. E pra iso, hoxe, temos unha ocasión moi concreta de manifestar unha enérxica repulsa, levando o noso voto ás urnas, facendo que o noso arredor ninguén quede sin expresá-la condeá

dunha política de miseria, de represión e de violencia, que queremos ver desaparecer pra sempre. Nestas eleccións, o voto das mulleres será decisivo, pois de cada 100 electores 53 son mulleres e 47 homes. Nas nosas mãos está o futuro da nosa terra.

E... ¿por qué votar?

O Movemento Democrático de Mulleres non fai súa ningunha candidatura en concreto, non estamos adscritas a ningún partido político. Somos unha organización de masas na que teñen cabida mulleres de tódalas ideoloxías políticas, de tódalas creencias relixiosas e de distintas condicións sociais que aspiren á democracia e á emancipación da muller, i estexan dispostas a participar na nosa loita por ises oxuxetivos. Por conseguinte, non debemos tomar partido por ningunha candidatura. Pro-sí temos un programa concreto de reivindicacións que someteremos a todos aqueles candidatos que nos queiran recibir. Logo daremos a coñecer ás mulleres, públicamente, o resultado das xestións e as respostas que obteñamos a fin de que podan adequirir máis elementos de xuício pra decidí-lo seu voto.

Non votedes calquer cousa, a cegas, sin saber porque principios ou porque persoas votades. Temos que percurar coñecer i estudar moi atentamente o programa dos candidatos, pesá-lo pro e o contra. Pro non somentes o programa, temos que ver quen son os homes e as mulleres que reclaman o noso sufraxio, saber si todo na súa vida, na súa traiectoria política e social corresponde ó que din. Porque prometer demagóxicamente a lúa, sobor de todo no transcurso dunha campaña electoral, costa moi pouco, aínda que no fondo os pensamentos e proiectos dalgúns, non sexan outros que os de facer que dure a funesta política que tantas e tan graves consecuencias acarrea diariamente ás nosas vidas.

Debemos elixir candidatos que teñan unha vida limpa, sen tacha, xente que teña probado con feitos o seu fondo amor pola democracia, a súa adicación ós intereses do pobo, xente disposta a defender tódalas reivindicacións xustas i, en particular, aquelas moi concretas que se refiren á muller. Xente insobornable que vaia ó parlamento non a satisfacé-las súas ambicións personales senón a loitar pra establecer, por fin, unha verdadeira democracia que alonxe pra sempre o espec-

tro das guerras e das violencias, que permita ós galegos ter traballo e unha vida decente na súa propia terra, xunto as súas familias, que estableza de forma legal o recoñecemento dese feito indiscutible que é a realidade nacional de Galicia, o desenrolo da súa lingua e da súa cultura, que recoñeza á muller coma un ser social con plenitude de dereitos.

O 15 de xunio decídese unha etapa importante no camiño da democracia. Ningunha muller debe quedar na casa sin votar ese día. Pra nada vale queixarse das dificultades da vida, ou quedarse chorando polo fillo, ou polo home que marcha; ron a terras estranas.

Temos que defendermos o noso porvir, o porvir dos nosos fillos, e iso non se defende con queixas nin con bágoas, iso deféndese loitando. A nosa arma é o voto, e ningunha muller ten dereito a desertar dos seus deberes de cidadana, de muller e de nai. Do que votemos as mulleres depende que a xornada do 15 de xunio siñifique un avance poderoso deica unha nova vida máis xusta, máis rica, máis humana.

QUE NINGUNHA MULLER DEIXE DE VOTAR O 15 DE XUNIO

VOTADE E FACER VOTAR ARREDOR VOSO

programa reivindicativo

- 1.— Unha constitución democrática non discriminatoria que garantice: a igualdade no terreo social, político i económico, impidindo toda discriminación na confección das futuras leises.
- 2.— Maioría de idade a tódolos efectos, pra homes e mulleres, ós 18 anos.
- 3.— No contexto do dereito ó traballo como premisa de liberación da muller, consideramos urxente:
 - a traballo igual, salario igual.
 - unha rede de servizos sociais: guarderías, comedores, etc. que permitan a incorporación da muller ó traballo así como a participación da ama de casa na vida social.
 - centros de formación profesional que garanticen unha cualificación igualitaria pró home e a muller.
 - denuncia das empresas que discriminan á muller en cuestión de salario e trato.

4.— Derogación de tódalas discriminacións xurídicas en razón do sexo.

5.— No ensino, establecemento da coeducación a tódolos niveles educativos. Revisión dos libros de texto eliminando deles a imaxe de discriminación da muller.

6.— Información e formación ouxetiva e científica sobor de tódolos métodos de control da natalidade cara a garantizá-la maternidade libre e responsable. Neste marco planteamos como urxente a legalización de todo tipo de anticonceptivos baixo control médico a cargo da seguridade social, así como control médico da muller xestante.

7.— Abrir un amplo debate sobor dos problemas do aborto, procedendo a súa inmediata despenalización no camiño de elaborar unha lei con amplo consenso popular que saia ó paso da actual realidade de moitísimos abortos feitos en pésimas condicións.

8.— Institucionalización do matrimonio civil como única figura xurídica deixando as connotacións relixiosas á conciencia de cada un.

9.— Elaboración dunha lei de divorcio que non resulte discriminatoria prá muller e que teña en conta a situación social e económica dos membros do matrimonio e dos fillos en cada caso.

10.— Constitución de órganos de autogoberno en Galicia, que teñan en conta as súas peculiaridades específicas así como a condición da muller na sociedade galega.

EDITA : A MULLER E A LOITA

PRECIO 25 PTAS